

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL ZAS

*Anuncio de licitación do servizo de recollida, transporte e transferencia de residuos sólidos urbáns do Concello de Zas*

### ANUNCIO LICITACIÓN

**Contratación do “Servizo de recollida, transporte e transferencia de residuos sólidos urbáns do Concello de Zas”**

**0. Regulación harmonizada:** contrato suxeito a regulación harmonizada (ex artigo 16.1 b. TRLCSP).

**1. Obxecto do contrato:** servizo de recollida, transporte e transferencia de residuos sólidos urbáns do Concello de Zas.

**2. Codificación:** anexo II TRLCSP, categoría: 16.

Denominación do servizo: Servizos de alcantarillado e eliminación de desperdicios

Núm. ref. CPC: 94.

Código CPC: 94000

Código CPV: 90511100-3.

CNAE: 3811. Recollida de residuos non perigosos.

**3. Presuposto base de licitación:** 163.690,54 €.

**4. Presuposto do contrato** (presuposto de licitación + IVE do 10%): 180.059,59 €.

**5. Valor estimado do contrato:** 327.381,08 €.

**6. Aplicación presupostaria:** 162.1.227.00.

**7. Duración do contrato:** 2 anos.

Prórroga: ata 2 anos.

**8. Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica.**

Os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica:

a) Mediante a acreditación de que está clasificada a empresa no grupo e subgrupo e clasificación que se indica a continuación segundo RD 773/2015, DT 3.<sup>a</sup>.

GRUPO: R. SUBGRUPO: 5. CATEGORÍA: 1.

b) Ou no caso de que a empresa non estea clasificada deberá acreditar a solvencia económica e financeira e a técnica e profesional:

b).1. Económica e financeira:

Acreditarase mediante a xustificación do volume anual de negocios.

b) Solvencia técnica:

Acreditarase mediante a relación dos servizos do mesmo tipo ou natureza executadas no curso do últimos dez últimos anos, acompañada de certificados de boa execución.

**9. Forma e medio de consulta. Lugar e horario.**

Consulta: Concello de Zas, luns a venres, de 9.00 a 14.00 horas e no perfil do contratante do Concello de Zas ( [www.zasdixital.eu](http://www.zasdixital.eu)) e na Plataforma de contratación do sector público.

Teléfono 981 708303

Fax 981 751142

**10. Presentación de ofertas.**

a) Presencial no Rexistro de Entrada do Concello de Zas (Praza do Campo, s/n, 15850 Zas) de luns a venres hábiles, en horario de 09.00 a 14.00.

b) Por correos con imposición simultánea de fax (981751142) ou correo electrónico (correo@concellodezas.org).

**11. Prazo de licitación:** 40 días naturais, contados dende a data de envío do anuncio do contrato á Comisión Europea (artigos 159.1 I e 159.1 III TRLCSP).

**12. Data de remisión de anuncio ao DOUE:** 21/09/2017.

**13. Publicidade da licitación:** anuncio no perfil do contratante, BOP, BOE e DOU.

**14. Garantía definitiva:** 5% do importe de adxudicación.

**15. Gastos por conta do adxudicatario.**

– Taxa de formalización: 0,5% do importe de adxudicación, excluído IVE. Mínimo: 30 €.

– Gastos de publicidade ata un máximo de 1.000,00 €.

**16. Revisión de prezos:** non procede.

**17. Prazo de garantía:** non se establece.

**18. Criterios de adxudicación.**

a) Oferta económica: ata 80 puntos.

b) Maior número de lavado de colectores ao ANO: ata 10 puntos.

c) Maior número de recollidas de plásticos agrícolas ao ANO: ata 10 puntos.

**19. Outras informacións:** é necesaria a inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia: 20 03 01 (según o LER).

Zas, 21 de setembro de 2017.

O alcalde,

Manuel Muiño Espasandín

2017/8080